

ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL DE ESPAÑA

1.- ORGANIZACIÓN POLÍTICA DE ESPAÑA

A organización política de España está establecida pola Constitución Española, aprobada no ano 1978. Segundo a Constitución, España é un estado descentralizado, organizado en comunidades autónomas.

A FORMA DO ESTADO

España é un Estado Democrático que toma a forma política de una **Monarquía Parlamentaria**:

En un Estado Democrático, os representantes políticos (deputados, senadores, alcaldes...) son escollidos nunhas eleccións. Ademais, como calquera goberno democrático, tamén garante os principios fundamentais: a liberdade, a igualdade de todas as persoas diante da lei. Estes principios están recollidos na **Constitución** de cada país.

Nunha monarquía, o xefe do Estado, a máxima autoridade do Estado, é o REI ou RAIÑA, que recibe o seu título de forma hereditaria, é dicir, pasa de pais a fillos.

Nun **sistema político parlamentario**, as leis son elaboradas no Parlamento, como representación da cidadanía.



Imaxe do Congreso dos Deputados, en Madrid.

A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

A Constitución Española foi aprobada por todos os españois o 6 de decembro de 1978, e é a lei fundamental do Estado Español.



A Constitución regula os aspectos básicos do funcionamento do Estado, como os dereitos e deberes dos cidadáns, as relacións co resto de países, a organización social, política e territorial...

Entre as leis máis importantes podemos destacar:

- Que os españois teñen dereito a votar (con 18 anos) aos representantes políticos.
- Que todos os cidadáns son iguais diante da lei e que non poden ser discriminados por razón de raza, nacionalidade, sexo, relixión, cultura, nin por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Define que España é unha monarquía parlamentaria (a Monarquía Parlamentaria (o máximo representante é o REI, pero os cidadáns escollen aos seus representantes políticos)).
- Estado español distingue 3 poderes fundamentais:
 - a) Poder lexislativo
 - b) Poder executivo
 - c) Poder xudicial

OS TRES PODERES DO ESTADO ESPAÑOL

- **O poder lexislativo:** Recae non políticos do Congreso dos Deputados. Estes encárganse de elaborar as leis, os presupostos do Estado, controlan a acción do goberno e escollen ao presidente.



Imaxe exterior do Congreso



Imaxe interior do Congreso

- **O poder executivo.** O **Goberno** é o encargado de mandar executar as leis aprobadas polo lexislativo. Ademais tamén é o encargado de xestionar o presuposto do Estado. O Goberno está formado polo Presidente e os Ministros.



Goberno actual, co presidente e os ministros

- **O poder xudicial.** Está formado polos xuíces que se encargan de controlar que se cumpran as leis. Tamén se encargan de sancionar a quen non cumpra ditas leis.

2.- ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DE ESPAÑA

España organízase en **17 Comunidades Autónomas e 2 Cidades Autónomas (Ceuta e Melilla)**



Mapa das Comunidade Autónomas e as 2 Cidades Autónomas (Ceuta e Melilla)

Cada Comunidade autónoma está formada por unha ou máis provincias y cada provincia está formada por concellos. En total en España hai 50 provincias.



Mapa das provincias de España (en total 50)

ACTIVIDADES

A semana pasado paseivos este resumo sobre a organización política e territorial de España.

Hoxe faremos unhas actividades sobre o tema, pero antes volve a ler o resumo, e intenta facer as actividades sen mirar.

1.- En que ano se aprobou a Constitución Española?

2.- Escribe 3 leis das máis importantes da Constitución:

3.- Como se chaman os poderes do Estado Español?

4.- Explica por quen está formado o poder lexislativo, e que funcións ten:

5.- Completa os seguintes mapas: no primeiro mapa con Comunidades Autónomas; o segundo mapa coas Provincias de España.



